Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 19 de febreiro de 2025

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** o día **19 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
José Daniel Pérez López
(en substitución de Sonia Vidal Lamas)
Mercedes Queixas Zas
(en substitución de Montserrat Valcárcel Armesto)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Propoñente:
Daniel Castro García (BNG)

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 2944 (12/PNC-000372)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 3 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de adición (doc. núm. 20372), e outra por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación do punto 2 e de adición dun punto 3 (doc. núm. 20373), das que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes interveñen os **señores López Font, Carlos (S), e Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** que, logo de amosar diversos desacordos coa intervención do propoñente, defenden as súas respectivas emendas que consideran melloran razoablemente a devandita proposta.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** sinala que, sen deixar de compartir as criticas amosados polos dous grupos emendantes, vai apoiar esta proposición non de lei, por considerar razoable o que nela se propón.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, o **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P**), tras incidir na importancia desta iniciativa, critica as intervencións dos voceiros propoñentes e explica as razóns polas que non acepta as súas emendas.

1.2 12390 (12/PNC-001183)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da remisión ao Parlamento de Galicia da documentación completa da tramitación realizada por Impulsa Galicia do Proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f1, do 09.10.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

O **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG)**, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S),** -*o señor Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- para amosar o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Nesta mesma rolda o **señor Trenor López, Gonzalo (P)**, tras expoñer diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a devandita proposta.

Ao longo da anterior intervención a Presidencia rógalle en varias ocasión aos membros da Comisión que se manteñan en silencio e non interrompan á persoa que está en uso da palabra.

Na rolda de puntualizacións o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** expón diversas consideracións discrepantes cos argumentos do voceiro do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

1.3 14610 (12/PNC-001429)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da finalización da senda peonil Vilaúde-O Reirado, entre os concellos de Alfoz e do Valadouro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 123, do 27.11.2024

O **señor Castro García, Daniel (BNG),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, interveñen en primeiro lugar os **señores Ojea Bouzo, Armando (BNG), e López Font, Carlos (S),** que pasan a referir as razóns polas que os seus respectivos grupos parlamentarios van apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Varela Fernández, Katherinie (P),** quen, tras matizar moitas das argumentacións expostas polo propoñente, expón as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta, ao tempo que destaca o traballo que está a realizar a Xunta de Galicia.

O **señor Castro García, Daniel (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado por todos os grupos parlamentarios, logo de matizar algunha afirmación realizada pola voceira do grupo maioritario.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.4 18015 (12/PNC-001676)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que financie a obra de execución da rede de saneamento dos núcleos de poboación do concello de Cerdedo-Cotobade que non dispoñen dela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147f2, do 29.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, que procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, intervén en primeiro lugar o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** -*o señor Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- para posicionarse a favor da devandita proposta.

Nesta mesma rolda intervén o **señor Trenor López, Gonzálo (P),** quen, tras matizar moitas das argumentacións expostas pola/o voceira/o que o precederon no uso da palabra, explica as actuacións do Goberno galego no tema obxecto da iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a **señora Castro Rey, Paloma (S),** amosa a súa discrepancia coas argumentacións do voceiro do grupo maioritario e agradece o apoio expresado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

O **señor Bará Torres (BNG),** solicita a palabra ao amparo do artigo 76.1 do Regulamento do Parlamento, para aclarar o que considera unha inexactitude na intervención do señor Trenor López.

A Presidencia, logo de matizar as verbas do deputado, recórdalle que é habitual a utilización de metáforas por parte de todos os grupos parlamentarios nas súas intetervencións.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1 2944 (12/PNC-000372), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa corrección do erro incorporada, resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga efectiva as seguintes demandas:

PARLAMENTO DE GALICIA

1º. Impulsar todas as iniciativas políticas e executivas que sexan precisas para culminar o proceso de transferencia da titularidade e competencias sobre a AP- 9, de conformidade coa proposición de lei aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado mes de decembro e que se tramita ante o Congreso dos Deputados.

2º. Implantar con carácter inmediato e con independencia do proceso anterior a gratuidade das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53, as máis caras de España, en cumprimento do compromiso adquirido polas formacións políticas que sustentan o Goberno de Pedro Sánchez no último proceso electoral.»

2 12390 (12/PNC-001183), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

3 14610 (12/PNC-001439), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a rematar canto antes a senda peonil Vilaúde-O Reirado entre os concellos de Alfoz e O Valadouro.»

4 18015 (12/PNC-001676), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:35 horas.

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.17 08:55:31 +01'00'

V. e Vr.
Carmen Mari. Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2025.03.14 10:18:22 +01'00'

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión